“O Concello pode retirar as concesións se é xurídicamente posible facelo”, asegura Cajigal



**Los trabajadores** siguen movilizándose para pedir un “convenio digno”

ROBERTO GÓMEZ

# Seguirá indefinidamente

## Las asambleas de trabajadores de A Coruña, Lugo y Pontevedra decidieron mantenerse en huelga hasta conseguir un convenio laboral digno

**Huelga**

L. Urresti
A CORUÑA

Después de la reunión de las asambleas de A Coruña, Lugo y Pontevedra, los trabajadores de las instalaciones deportivas de Galicia decidieron seguir con la huelga, “até acadar un convenio digno”, asegura el sindicato CIG en su página web.

Por otra parte, el concejal de Deportes de A Coruña, **Xan Cajigal**, aseguró que el deber del Ayuntamiento es dar unos servicios a la ciudadanía y a veces para ello se necesita la colaboración de empresas pero “cando isto non é posible por falta dunha das partes hai que tomar medidas”.

**Cajigal** aseguró, en declaraciones a Radio Coruña, que “o Concello puxo en coñecemento da súa asesoría xurídica a intención de rescindir os contratos se isto é posible e legalmente viable”.

**“Cando non se pode manter un compromiso por culpa dunha parte hai que tomar medidas”, dice Cajigal**

Además, el concejal herculino pidió colaboración de las partes para acabar con la huelga. ■

Os mellores tiradores de florete masculino, na Sagrada Familia

# Volta á Coruña a Copa do Mundo

**Esgrima**

Redacción
A CORUÑA

A XVII Copa do Mundo de Esgrima. Florete Masculino. Cidade da Coruña’ un ano máis se celebrará no Polideportivo Municipal Sagrada Familia esta fin de semana.

Nesta competición de esgrima categoría A, puntuable para a Copa do Mundo se espera a participación de cerca dun centenar de tiradores procedentes de 20 paises. A proba consistirá dunha fase clasificatoria mañá da que estarán exsentos os 16 primeiros da Copa do Mundo, seguida dun cadro de eliminación directa de 128 tiradores, ata que queden en liza 48 tiradores que, unidos ós 16 exentos, conformarán un cadro de eliminación directa de 64 tiradores que se disputará o domingo, ata a determinación do vendedor.

A competición celebrarase no pavillón dos deportes da Sagrada Familia, unhas instalacións perfectamente adaptadas para a proba. ■



**A pasada edición** desta Copa do Mundo foi todo un éxito

ROBERTO BERDINI

Formará parte da selección que esta fin de semana defende o título de Campión de España

# Estefanía estará en Alicante

**Taekwondo**

Redacción
A CORUÑA

A selección galega de taekwondo defenderá esta fin de semana en Alacante o título de campioa de España absoluta, acadado o pasado ano en Ourense. O equipo galego acude a este campionato con numerosas baixas por lesión, pero a pesares diso conta cun grupo de deportistas moi competitivo que buscará os maiores éxitos para o taekwondo galego.




**A selección** vai a por todas aínda que con moitas baixas

Así no equipo non estarán sete importantes deportistas do taekwondo galego. **José Antonio Carregal**, campión de España de -68 quilogramos, sufriu unha lesión rotuliana polo que non poderá competir, igual que **José Fernández Rei**, cunha doenza infecciosa que lle afectou á perna dereita. Tampouco poderá competir por Galicia **Miguel Cortegoso** cunha rotura de fibras no xemelgo, mentres que na mesma categoría, o tamén medallista **Daniel Mallo** está pendente de coñecer o resultado dunha resonancia magnética. Tamén estarán ausentes **Manuel Barros**, subcampión de España sub 21 en -63, que segue recuperándose da operación de menisco, e **Ramón Criado**, na categoría de pesos medios, convalecente dunha doenza infecciosa.

No equipo feminino as ausencias son menores, aínda que a selección perde a unha gran competidora: **Belén Asensio**, campioa do Mundo e de Europa en dúas ocasións, abandona a súa carreira como deportista. A noticia positiva é que finalmente **Estefanía Hernández** poderá participar ao confirmarse que a súa man esquerda está recuperada. ■

Debe ganar y coonseguir un puntos bonus para seguir líder

# El CRAT UDC recibe al Coreti Lalín

**Rugby**

Redacción
A CORUÑA



**El CRAT** está cerca del título

R. GÓMEZ

El CRAT UDC llega a este partido ante el Coreti Lalín como líder del grupo A de la Primera División Nacional con un punto de ventaja sobre el segundo, el Belenos R.C, más el ‘average’ particular a falta de dos partidos por jugarse para ambos equipos. En estas condiciones se hace indispensable que el CRAT Universidade da Coruña no perdone ya no sólo la victoria sino los puntos bonus que se otorgan por lograr 4 o más ensayos en el partido.

El CRAT UDC sigue siendo el equipo que menos puntos encaja de todo el rugby nacional pero será en la faceta anotadora donde deberá destacar. En el partido de la primera vuelta disputado en Lalín el CRAT UDC obtuvo la victoria por 8-21 pero se dejó el punto bonus.

Los entrenadores del CRAT UDC **Moses** y **Jos** tendrán que afrontar varias bajas como las de **Chris**, **Joaquín**, **Diego** y **Paulo** lo que puede dar entrada en la convocatoria a jugadores habituales del segundo equipo.

Hay que destacar que el CRAT Universidade da Coruña no pudo entrenarse esta semana con normalidad debido a la huelga que mantienen los trabajadores de las instalaciones deportivas. ■